



GRUPO MUNICIPAL DE TEO

MOCIÓN SOBRE FUTURAS CONVOCATORIAS DO PLAN CONCERTADO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE TEO

Vista a solicitude enviada polo concello de Teo a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais para o financiamento do Plan Concertado de Servizos Sociais chámannos a atención diversas partidas. Este plan concertado ten a figura xurídica dun acordo das tres administracións (estatal, autonómica e local) para o financiamento e axuda técnica aos servizos sociais municipais, xa que o concello é a administración responsable desta prestación aos cidadáns segundo o regulado na lei de bases de réxime local.

O concello de Teo gastara en:

Festa da nai : 31.290 euros

Romería de xuntanza da terceira idade: 22.900 euros

Excursión de un día de duración: 16.300euros

Excursión a Tenerife sur: 26.000euros

A suma total destas actividades ascende a: 96.490 euros

Este contía é excesiva, pero sorprende máis se se compara co total do solicitado 408.898,81 euros.

É dicir, o 25% do gasto en servizos sociais de Teo, segundo esta solicitude, dedícase a festas, excursións, e demais "servizos básicos" aos cidadáns. Pero se descontamos desa cantidade total o comprometido para o persoal, 170.776,89 euros, atopámonos que a cantidade dedicada as festas e excursións ronda perigosamente o 50% para os programas de servizos sociais. Baste un exemplo: o concello de Teo dedicara no ano 2005 30.060,00 euros ao programa de axuda no fogar e apoio a unidade de convivencia, máis coñecido como axuda a domicilio.

O BNG de Teo, como calquera persoa razoable deste concello, considera insultante que se poida facer unha previsión na que se dea esta desigualdade. O BNG respecta e apoia o dereito dos nosos maiores e das persoas en xeral a gozar de comidas, festa e excursións, pero máis defendemos o dereitos dos nosos maiores a dispoñer de servizos de atención para cando non poidan valerse de seu. Defendemos o dereito a celebrar o día da nai, pero hai que ter en conta que esas mulleres e homes van a ter que facerse cargo dos seus familiares case sen axuda, porque os cartos que se terían que dedicar a estes servizos están sendo utilizados para pagar excursións a Tenerife Sur.

Comparando as cantidades antes sinaladas con outras partidas a indignación é un sentimento lóxico. Baste dicir que se dedican máis cartos á excursión que ao arranxo de vivendas por emerxencia social (6.000 euros), axudas para medicinas e ortopedia de primeira necesidade (5.100 euros) bolsas e axudas ao estudo (6.200

euros). Tres tipo de gasto que, coma todas as persoas podemos entender, teñen moita menos importancia que unha excursión ou unha festa.

En fin, que os servizos sociais de atención primaria, que segundo a lei de servizos sociais de Galicia "desenvolven programas e prestan axudas favorecedoras da participación e benestar social das persoas ou grupos dentro do seu contorno comunitario, especialmente daqueles que están ou corren o risco de estar en situación de carencia ou marxinación", no concello de Teo dedícanse a festas e excursións. E en vez de traballar coa cidadanía dentro da propia comunidade mandamos a uns poucos a Tenerife sur.

O BNG de Teo entende e apoia o dereito das persoas maiores a participar en viaxes e vacacións con características e custos adaptadas as súas necesidades e pensións. Pero este dereito e esta necesidade asegúrase mediante os programas de turismo social e vacacións do INSERSO e da comunidade autónoma, e pagados por unhas administracións que teñen uns orzamentos destinados a tal fin. O concello de Teo non ten un orzamento que lle permita facer fronte aos custos dun programa de vacacións destinado a maioría das persoas maiores, polo que programando actividades deste tipo sempre serán simbólicas, os seus destinatarios poucos e os seus obxectivos afastados dos servizos sociais. Recomendémoslle que se quere potenciar o ocio e o lecer entre as persoas maiores estableza un programa que lles permita ás rendas máis baixas acudir aos viaxes e vacacións programados polas outras administracións, mediante un sistema de axudas para sufragar os custos dos mesmos.

Por outra banda, e aínda que legalmente nada o impida, sería bo que os provedores que traballan para o concello de Teo neste tipo de eventos non sexan os mesmos que logo o fan para os partido do goberno ou para o alcalde señor Blanco. Entendemos que dende un punto de vista político é máis adecuado separar unhas actividades doutras, pois sempre pode haber persoas malintencionadas, ou simplemente malpensadas, que relacionen economicamente aos que montan as comidas que o concello organiza cos que montan as paparotas que o alcalde ofrece, especialmente en épocas electorais. O BNG de Teo comprométese, cando chegue á alcaldía de Teo, a separar os provedores do concello dos das actividades partidarias. Rogariámoslle ao o actual alcalde que faga o mesmo.

Consecuentemente, o GRUPO MUNICIPAL DO BNG PRPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Dentro dos orzamento do Plan Concertado de Servizos Sociais en futuras convocatorias, a cantidade destinada a festas, comidas, celebracións, degustacións ou "pinchos" non poderá ser superior ao 10% do orzamento do Plan Concertado unha vez retirados os gastos destinados a persoal.
2. Dentro dos orzamento do Plan Concertado de Servizos Sociais en futuras convocatorias, a cantidade destinada a excursións e visitas, ben sexan de un ou varios días de duración, non poderá ser superior ao 10% do orzamento do Plan Concertado unha vez retirados os gastos destinados a persoal.

3. As actuacións recollidas no Plan Concertado de Servizos Sociais estarán no futuro dirixidas prioritariamente, e tal como tipifica a lei de Servizos Sociais de Galiza os servizos de atención primaria, a satisfacer as necesidades básicas daqueles veciños e veciñas que están ou corren risco de estar en situacións de carencia ou marxinación.

4. En vindeiras convocatorias potenciaranse as partidas destinadas a arranxo de vivendas de emerxencia social, axudas para medicinas e ortopedias de primeira necesidade e bolsas e axudas ao estudo, marxinadas no actual reparto orzamentario do Plan.

En Teo, a 6 de maio de 2005

Asdo.: Ignacio Iglesias Villar
Concelleiro

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO